



Servizo de Biblioteca Universitaria

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## Servizo de préstamo de ordenadores portátiles

O préstamo dun ordenador portátil suxeitarase as seguintes condicións:

1. Este servizo está restrinxido aos membros da comunidade universitaria. Para facer uso del ten que acreditarse como tal.
2. A duración do préstamo terá un máximo de seis horas. Poderá renovalo por outras seis, se non hai máis usuarios en lista de espera.
3. Non poderá saír co portátil do recinto que determine a biblioteca onde se fai o préstamo. No caso de que precise saír, debera deixalo no mostrador da biblioteca ata que regrese.
4. É responsable do portátil que leva en préstamo e terá que devolvelo nas mesmas condicións en que o recibiu. Terá que facer un uso respectuoso do material e non modificar nin o software nin o hardware.
5. Se detecta un mal funcionamento do equipo, debera comunicalo de inmediato ao persoal da biblioteca. Se non o comunicase, entenderase como un mal uso e aplicaráselle a sanción que lle corresponda.
6. Poderá gravar datos nun dispositivo USB ou na unidade de CD/DVD. Non poderá gardar ningún documento no disco duro, pois unha vez apagados os ordenadores autolímpanse cun programa específico, polo que será imposible recuperar calquera arquivo.
7. Sancións:
  - a. Por cada hora de demora na entrega do portátil engadirase un punto de penalización (demérito) . As penalizacións serán as mesma que para o resto dos documentos (Normas de préstamo do Servizo de Biblioteca).
  - b. En caso danos ou manipulación dos equipos ou programas, terá que pagar o custo da reparación e non poderá acceder ao servizo de préstamo de portátiles mentres non remate a reparación.
  - c. En caso de roubo ou extravío, terá que repoñer o equipo e non poderá acceder ao servizo de préstamo de portátiles mentres non o repoña. No caso de que non o fixese, a Comisión de Biblioteca do centro estudará as medidas que se adoptarán.
8. O persoal da biblioteca poderá anular o préstamo, no momento en que detecte o incumprimento destas condicións.

A Biblioteca resérvase o dereito de emprender aquelas accións que considere oportunas en caso de incumprimento desta normativa.